

01 XULLO DE 2010 - NÚMERO 826

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



Foro Revela 2010




Arriba, á esquerda, retrato de Paul Lowe (Londres) dun neno pequeno alimentado a través dunha xiringa polo nariz, porque é incapaz de tragar, nun hospital de Somalia. Tras o derrocamento do presidente Barre no 1991, o país sumiuse no caos, nunha loita de clans. Á dereita, imaxe do proxecto de Jenny Mathews (Londres) *Basta xa de vida de campamento*. No campamento Muganga IIDP (persoas desprazadas internas), os nenos participan nunha demostración do grupo de mulleres Sauti, (Voces das Mulleres do Congo). No medio, foto do traballo de Andrew McConnell (Londres, Kenya), *Vertedoiro 2.0*, un campo de lixo en Agbogbloshie (Gana) ó que van parar refugallos electrónicos de todo o mundo; imaxe de Abbie Trayler (Londres) de bebés no centro médico de Bomau, en Mali. A comadróna, Kadia Keita, aproveitou a luz dos paneis solares da clínica para atendelos e foto de Dieter Telemans (Bruxelas) dun neno agarrado á súa nai en Etiopía. Abaixo, á esquerda imaxe de Giacomo Pirozzi (Florencia) sobre dous nenos que acaban de nacer no centro de Sante Integre, en Nixer e á dereita foto de Tomas Van Houtryve (París), sobre a etnia Hmong de Laos, que segue fuxindo tres décadas despois da guerra, porque os seus familiares apoiaron a CIA ata que os comunistas tomaron o poder no 1975. Pídenlle axuda a choros ós occidentais que os visitan.







GREEN PEPPERS



PAADRÓN AND OTHERS DON'T

©reizentolo

Rei Zentolo



Universalizar as iconas galegas e localizar as iconas universais. Achegando a arte á sociedade, a través da súa vertente máis popular. Coa nosa lingua como marca de calidade. Son os alicerces de Rei Zentolo, un dos proxectos empresariais máis singulares agromados no país nos últimos anos. Nado en Pontevedra no 2003, hoxe conta cunha rede de tendas localizadas en Santiago, Vigo, Lugo, Madrid, A Coruña, Vilagarcía ou Ourense. Os seus deseños véndense a través de internet en todo o mundo, e xa creou marcas paralelas, como Yobordo, especializada en muller, e ShirtGigoló. Ademais, está a abrir novas liñas de negocio, como a editorial. Os seus produtos son unha mostra da contribución

Maneiras de normalizar

á normalización cultural e lingüística que pode chegar o mundo da empresa. “Nós sempre defendimos que o galego, ó contrario de marcar unha fronteira económica, é un valor engadido brutal”, xa que “Galicia, como icona dunha cultura diferente, é símbolo de calidade”, reflexiona Uxío, responsable de comunicación de Rei Zentolo. Antes da famosa campaña de Gadis, ou doutras firmas que decidiron galeguizar a súa actividade ou polo menos a súa publicidade, Rei Zentolo foi unha das empresas que non dubidaron da potencialidade da nosa lingua para facerse un oco no mercado.

“Galicia, como icona, é símbolo de calidade”

Os deseños de Rei Zentolo forman xa parte da nosa cultura visual. Uxío, responsable de comunación da empresa, explica nesta entrevista o proxecto que a sustenta.

Rei Zentolo naceu no 2003 coa idea de achegar arte á sociedade...

A filosofía é tentar devolver, volver traer á rúa os iconos da cultura e da arte galega e universal. A galega, en especial, para normalizar a nosa lingua e a cultura. Redemocratizar os iconos, porque o camiño que seguiu nos últimos anos a cultura, a arte, ten un enfoque moi elitista. O proxecto xurdiu con dous estudantes de Belas Artes, que tiñan que escoller entre embarcar, ou montar un bar que é o que se fai agora, ou tentar vivir do seu. Os seus cadros non os ía mercar ninguén, porque para iso tes que ter un nome. Daquela decidiron mudar de lenzo, de soporte. E optaron polo formato máis democrático: a camisola, que todo o mundo usa. Primeiro foron cos seus catro modelos a facer estudo de mercado onde era mellor: nos festivais: Ortigueira, o Festigal... E foron xuntando unha cantidade de cartos que lles permitiu crear Rei Zentolo.

Había experiencias semellantes como a da empresa Kukuxumusu.

O noso proxecto naceu sen coñecer o traballo de Kukuxumusu. É unha empresa moi respectable, e máis grande que a nosa. Eles son máis icónicos, nós utilizamos o código da retranca. Nós collemos iconos da cultura e da arte popular, e poñémoslle un título en galego. Así, entre o título e a imaxe, media a retranca. Tamén houbo e hai outros deseñadores, como A Vaca Láctea, Caramuxo, o Golfiño..., que supoñen para nós unha competencia intelectual moi grande, que nos axuda a facer mellores deseños.

Coa campaña de Gadis reabriuse o debate sobre o galego como marca de calidade. Vós xa o facíades antes...

Nós sempre defendimos que o galego, ó contrario de marcar unha fronteira económica, é un valor engadido brutal. Hai un segmento do noso mercado que merca as camisolas porque están en galego. A nosa non é unha postura moral ou política: facemos produtos en galego porque dá beneficios, e non só porque creamos que temos que facelos en galego porque somos galegos. Nós tamén galeguizamos cousas. Moitas outras empresas están a facer grandes campañas de galeguización. Fíxoo Gadis, Feiraco, Bap and Conde... É un xeito máis de normalización. É unha lóxica económica, ademais de cultural e de normalización do noso idioma. Ademais, a nosa galeguización é integral a nivel interno: facemos en galego os contratos, en galego van as comunicacións, os nosos dependentes falan galego... O galego é un valor, como demostraron os queixos ou os viños. Porque Galicia, como icona dunha cultura diferente, é símbolo de calidade.

Hai unha intensa pegada nos vosos deseños

da música, o cinema, as vangardas artísticas do século XX...

É unha cuestión xeracional. Os zentolos fundadores teñen entre 30 e 35 anos. O equipo bebe da súa formación académica, e vital: o cine, a pintura, hai deseñadores máis melómanos... E iso nótase, claro, e sobre todo a icona da cultura da sociedade de consumo na que vivimos, a cultura pop. Non deixamos de ser os desafiuzados de Warhol... Trátase de universalizar iconos galegos e localizar iconos universais: a foto de Rosalía co retrato de Marilyn Monroe... E tamén está a arte das primeiras décadas do século XX, si: o Gernica de Picasso coa rapa das Bestas. Non só facemos téxtil, acabamos de comezar cun sector editorial, de banda deseñada. Non imos competir coas moi boas editoras que hai, que somos unha potencia editorial. Imos facer libros de arte, libros-objeto. Tamén traballamos en publicidade.

Como é o proceso de creación, o deseño?

Cada camisola ten a súa historia. Temos un gran departamento de deseño, con deseñadores fixos e outros que rotan, colaboradores externos... As ideas veñen de múltiples maneiras: cousas que vemos pola rúa, unha expresión que escoitamos nunha tasca... aproveitamos moito a sabedoría das tascas.

É certo que ademais da música popular: ‘Pídechas o corpo’, os nosos poetas..., os elementos máis antropolóxicos da nosa cultura están moi presentes. A gastronomía...

Si, da música pasamos por exemplo a *Rianxeira* ó inglés, e fixemos a camisola de Little Waves... A gastronomía é unha parte importante da nosa cultura popular...


Os vosos clientes son tamén xente de fóra. Non hai un risco de que a retranca non se entenda e parte dos clientes acaben mercando o que non é para eles máis que un tópico?

Vendemos fóra, si. Temos unha marca con títulos noutros idiomas, como inglés e francés: ShirtGogoló, con deseños máis macarras, máis de vangarda... Algúns deseños en galego, como o dos pementos, véndense ben fóra. Eu non creo que pase o que dis. Se non entendes a retranca, non mercas a camisola. Ademais, hai galegos por todo o mundo, e os nosos produtos poden servir como símbolo identitario. A nosa marca é cultural, pero a nosa cultura ten un gran xermolo identitario. Rei Zentolo tamén ten unha dimensión social: os donos das nosas franquías son antigos traballadores de Rei Zentolo, facemos camisolas ecolóxicas, hipoalérxicas para bebés, só mercamos materia prima en Europa –as camisolas hainas en Portugal, que é case como se fosen galegas–, temos unha marca para muller, Yobordo, máis prêt-à-porter, que só utiliza teas galegas, que fan deseñadoras galegas... E imos facer unha colección de camisolas de galegos senlleiros. Xa está feito o deseño de Uxío, meu pai, que quedou moi ben...





ACOR: LUMIN

SOMOS UNA
RACION







ETU 
FOIL
BO 

FAGA O FAVOR DE PASARME • SAL



LITTLE
HOT PE



FROM P
ONES ARE SPICY

15 XULLO DO 2010 - NÚMERO 828

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Alberto Ramos

Alberto Ramos (Compostela, 1986) é unhas das revelacións da temporada na narrativa galega grazas a *Con acuse de recibo*, unha novela de presenzas fragmentadas sobre o sufrimento e a incompreensión. A tarxeta de presentación de Alberto Ramos –actualmente redactor de cultura en *Xornal de Galicia*– foi o Premio Biblos no 2006 con *Dor pantasma*, unha achega sobre a angustia da desaparición que xa anunciaba o mundo deste periodista espectante, indagador das feridas sen sutura que atopa na realidade máis próxima. Esa atmosfera reaparece en *Non vas calar?*, primeiro relato que publicamos en *Revista*

Non vas calar nunca?

Alberto Ramos

das Letras dentro dos monográficos de verán. Trátase, en palabras do propio autor, dunha historia “sobre o amor e o desamor, entendidos como caras dunha mesma moeda”. Amor, desamor, unha parella e a extinción da paixón, instante que recrea Ramos a través dunha prosa directa e, ao tempo, simbólica. “O que se busca nunha relación”, asegura, “é ser medianamente feliz. O peor é cando estás cunha parella e te arrepintes, porque o tempo perdido non se recupera. É impúdico perder un tempo que non temos”.



rDL | 3
Galicia Hoxe 15/07/10

1.

–Non vas calar nunca?

Sobre a mesa da cociña descansaba unha cea que ninguén tocara. Dúas copas de viño a medio encher agardaban que alguén bicara a súa humidade. Os pratos, baleiros, brillaban cunha brancura que se estaba a manchar debido a un ambiente sucio por mor dunha sinceridade non solicitada. Marga estaba de pé, dando voltas ao redor da mesa. De esguello, visitaba mentalmente as horas que tardara en preparar aquela cea: malia estar aínda quente e sen probar, xa se estragara. Cociñara para un pelotón cando só había dous comensais con demasiadas náuseas como para forzar a boca do estómago. As receitas, en certo xeito, foran sempre unha vía de escape entre o fogo cruzado que vivía día si e día tamén. As tixolas convertéranse en trincheiras protectoras contra a metralla dunha rutina que estoupaba aos poucos entre reproches, meles podres e soños insípidos. Cociñaba cando podía, cando o precisaba coa intención de eliminar o sabor a merda que se coaba dende ía demasiado tempo no cénit do padal. Merda para dous aliñada con desleixo e vinagre.

“Non vas calar nunca?”

Non tiña intención. Marga non volvera pronunciar aquela frase de rendición incondicional, de claudicación suplicante; pero Uxío volveu escoitala con eco serodio na súa cabeza. Non tiña intención, Uxío non quería calar. Precisaba liberar, soltar lastre, afastarse dun peso que se foi acumulando nas súas costas co fuxir dos días insulsos. Co paso do tempo, aumentara a súa carga con demasiados aloumiños alleos en lugares recónditos da xeografía humana. A sucia verdade fixérase demasiado grande e decidira baixar na próxima parada. Uxío estaba a piques de descarrilar e, por non esnafrarse, tocou a bucina de emerxencia para tentar frear na próxima estación. Polo menos, iso comentaba consigo mesmo. Quizais había outros motivos menos xustos e máis innobres. “Non vas calar nunca?”, volveu escoitar sen que Marga soltase a lingua. Non tiña intención, pero calou.

–Non vas calar nunca?

Repetiu, agora si, Marga. Non preguntara berrando. Eles nunca berraran. Case nin falaban, para que berrar? Eran demasiado diplomáticos. Nunca pronunciaban palabra máis alta ca outra. A Uxío, aquel xeito monocorde de matarse coas palabras era o que máis o alporizaba. Pero, no fondo, era igual de culpable daquelas voces sen timbre coas que conviviron durante anos. “Nin sequera hai berros. Se non hai berros, non hai paixón. Se non hai paixón, non hai nada”,

maquinaba de cando en vez Uxío. Nada había, excepto aquelas voces de baixa intensidade que resultaban tan tranquilas como desacougantes. “Un pouco de sangue”, pedía Uxío. Nada. Se non hai berros, non importa nada.

–Non vas calar nunca? –repetiu unha terceira vez entre saloucos de cansazo.

–Non, non vou calar. Por que debería calar?

–respondeulle, despois dunha pausa de pensamentos e silencios.

–Por que? Que gañas contándome o que me vas contar? Facerme dano? Humillarme? Cala e xa está.

–Non vou calar precisamente por iso. Porque creo que non che farei dano ningún. Xa non... Nunca tiven capacidade para facerche dano. Uxío colleu a súa copa e tomouna con calma. Primeiro meteu o nariz para explorar o arrecendo dun viño barato. “Nin unha pinga de paixón”, pensou mentres bebía aquel caldo eslamiado cun leve sorriso nos beizos. No fondo, con aquel grolo de viño, Uxío buscaba alentarse o lume de vinganza. Había algo máis, non era só aquela sucia verdade que se lle acumulaba nas costas machucando a súa conciencia. Tiña intensa sensación nalgún punto entre o fígado e a súa testosterona. Non sabía que era exactamente, pero era moi forte e mesmo engaiolante. Quizais era paixón que se manifestaba como unha ducia de cabalos en celo a piques de correr a galope destruindo todo tipo de raciocinio. Sentía cóxegas onde un home é máis home simplemente con imaxinar a Marga chorando con relatos húmidos dos que non formaba parte do elenco principal. Paixón sería o que sentía? Vinganza era o que quería? Tanto tiña, só quería ver unhas bágoas emanadas do rancor. Animar o máis baixo instinto con dor allea? Sadismo si, pero tamén paixón.

–Non vou calar, Marga. Teño que dicilo, teño que contalo.

–Cóntallo a túa nai, non a min. A min non me interesa saber onde te metiches e moito menos por que. Non quero saber máis. Vaime dar algo. Mentía. Era teatro, melodrama. Non lle ía dar nada e o que máis lle interesaba neste mundo, naquel preciso instante en que a súa cea se estaba a estragar, despois de tanto traballo era saber o nome daquelas mulleres, saber de que cor tiñan o cabelo, a súa idade. Marga quería saber que fixera o seu marido, até que punto entrara en intimidade allea. Por que? Non sabía. Realmente non lle estaba a facer mal. “Non quero saber máis”. Esa frase sabía a mentira e, dita en voz alta, soaba mesmo ridícula. O de “ollos que non ven, corazón que non sente” só serve cando un padece de cegueira. A curiosidade chama. O morbo atrae. E a sucia verdade engaiola. Non lle facía mal, pero o corazón íalle a mil. Polas costas, algún que outro

regato de suor percorría a súa retagarda e entre as coxas sentía un repenicar incomprendible, mesquiño e rebuldeiro que se metía entre a peluxe máis oculta que cubría o seu corpo. Pero que ía dicir? “Cóntame?”,” Dispárame aquí, ao peito?”. Sería raro e escuro, e ela era tan mundana e fría coma unha parede branca sen nin sequera unha mala pintada. No fondo, estaba a sentir algo que non coñecía: paixón. Miserable e mal entendida, pero baixa paixón, que é a mellor.

–Non che esta a dar nada. Dáche todo por saco – respondeu Uxío léndolle o pensamento- Eu quero falar e vas escoitar. Podes sentar ou seguir dando voltas ao redor da mesa indignada. A min tanto me ten, diante de min non tes que actuar e aquí non hai ninguén que se poida apiadar de ti.

–Se teño que esperar a que ti te apiades de min, mal vou. Non sei por que fas isto. Gústache verme sufrir?

–Non o sei, nunca vin tal cousa.

Marga calou. Deixou de dar voltas e sentou na cadeira. Fronte a fronte miráronse sen ver nada. As cóxegas dun e doutro dábanse a man por debaixo da mesa, pero eles estaban separados por un abismo eterno. Aínda que se rozaran coa mirada, andaban un tan lonxe do outro que nin se podían albiscar. En cambio, as súas paixóns erráticas estaban unha deitada ao carón da outra.

2.

–Era demasiado para min. Ela non quería estar soa e supoño que eu quería quedar con ela.

–Non sei por que teño que escoitar iso – interrompeu con dignidade finxida Marga.

–Aforrémonos o teatro... Ti queres saber... Se queres, podes marchar. Cando queiras. Quizais puidiches marchar hai anos e ningún dos dous notaría a diferenza. Quizais hai anos que marchamos... O caso... que non me veñas con teatros baratos. Pódeste poñer digna e marchar coa cabeza alta, “dicindo non quero saber máis”. E mentirías. E un día volverías dicíndome “cóntame, preciso saber”. Aforrémonos eses preliminares e ese xogo, que non nos gustan os xogos. Nunca soubemos gañar e creo... creo que está demostrado que só sabemos facer trampas.

–Saberás ti, iso si que está demostrado.

–Como queiras, dáme igual. Queres marchar? Marcha dunha vez, pero volverás simplemente por saber.

–Es un fillo de puta e sábelo.

–Os tipos somos todos uns fillos de puta. Non cho nego, é verdade. Pero xa sabes o que lles queda a todas as mulleres...

Uxío colleu a botella de viño barato que había enriba da mesa. Con coidado de galán encheu a copa de Marga. Amodiño, sen que nin unha pinga salpicara a madeira. Marga miraba aquel

esbruízo vermello precipitándose contra o vidro. Foron escasos segundos, pero a ela pareceulle unha eternidade. Imaxinaba todo ese candor aloumiñando a súa gorxa, rodeando o seu gusto con delicadeza compasada. Sentía a calor fuxindo polo seu corpo, quentando toda a súa pel. Sacou a lingua cun xeito imperceptible para paseala polos seus beizos carnosos e cuarteados. Un intre, para refrescar, para calmar tanto afán desbocado. Tiña os ollos cravados naquel torrente vermello que imaxinaba percorrendo o seu corpo como as mans dun amante imaxinario. Cando a copa estaba chea, Uxío encargouse da súa. Coa mesma parsimonia, coa mesma tranquilidade, repetiu o proceso. Marga, con demasiada calor, estirou o brazo até o recipiente da froita. Encantáballe o frescor de calquera tipo de froita. Esa humidade sólida desfacéndose na boca devolvíalle a vida cando estaba a esmorecer. Pero andaba dubidosa. Había de todo: amorodos, melocotóns, mazás, uvas... Todo mesturado nun merengue de pureza. Primeiro colleu unha pera e palpouna. Non lle convencía e foi cara aos melocotóns. As xemas dos seus dedos impregnáronse daquel veludo natural. Sentiu un calafrío. Optou polas uvas, colleu un pequeno acio e meteu na boca, amodo, dous bagos que se desfixeron co contacto dos dentes. As pebidas bailaron coa súa lingua unha danza imperceptible. Toda a súa faciana danzaba ao son do ritmo de frescor marcado por unha uvas que minguaban con cada pinga de saliba, con cada movemento minúsculo de mandíbula. Coas xemas deses dedos que se estremeceron co tacto dos melocotóns, Marga sacaba os corazóns das uvas moribundas para pousalos sobre a mesa.

–Aquela vez tróuxena do aeroporto. Era de noite, chegara nun dos últimos voos. Non sei de onde viña, pero non traía máis que un bolso nas mans. Nada de equipaxe. Entrou no taxi e sentou. Non dixo nada. Eu quedaba mirando para ela polo retrovisor. Estaba ausente. Simplemente sentou e seguiu mirando pola fiestra. Pregunteille a onde quería ir. Ela, sen retirar a mirada do infinito, tardou en acordar... Lémbrome coma se fose onte...

–Cando foi?

–Haberá dous anos, máis ou menos.

–Merda, dous anos, Uxío –dixo Marga coas mans sostendo a súa testa.

–Tiven que preguntarlle outra vez onde quería ir -continuou Uxío sen facerlles máis caso aos reproches da súa muller- e ela respondeu coa voz rota que a calquera hotel, algo que non fose moi caro nin moi cutre, pero que fose o máis rápido posible. Comentou que só quería meterse na cama e espertar en dúas semanas...

–Supoño que non a deixarías durmir demasiado esa noite -replicou entre a amargura e a ironía unha muller dolorosamente espida, pero con roupa.

–Durmiu, pero tamén soñou, Marga –respondeu cun mesquiño sorriso nos beizos nacido dende a máis fonda das crueldades irreverentes. Gardaron silencio. Marga fixo unhas reviravoltas na cadeira para quedar sentada de xeito que a súa cabeza podía descansar sobre os xeonllos. Os seus brazos rodeaban as súas pernas. Alí quedaba, agardando con medo e curiosidade a continuación dun relato cuxo final xa coñecía e no que había máis avogados que perdices. Naquela posición, sentíase protexida do veneno que procedía da boca iracunda daquel home que xa non era o seu home e que, quizais, nunca fora o seu home.

–Como se chamaba? –preguntou Marga con pouca convicción e apertando as pernas contra os seus peitos.

–Dixo que Marcela. O nome, francamente, non importaba. Eu era Iván e ela Marcela. Podíamos ser Xaquín e Merce, Luís ou Graciela ou que máis ten. Ela non sei se dixo a verdade, eu mentín. A quen lle importaba?

–Supoño que terás razón. As cabronadas son cabronadas e dá igual o seu nome –a dignidade volveu aflorar de Marga sen que esta cambiase nin un milímetro a súa posición. A cabeza sobre os xeonllos, a mirada pendurada de ningures e as pernas apertando con forza os seus peitos.

–Eu arranquei e ela botouse a chorar. Eu non dixen nada, fiteina polo retrovisor e só puiden quedar coa boca aberta. Ela choraba como unha autómatas. As bágoas caían pola súa faciana sen control, en silencio. Non tiña cara de dor, era simplemente indiferenza.

–Por que choraba?

–Non o sei, non me atrevín a lle preguntar. Xa sabes como son...

–A verdade é que moito, non.

–Como queiras, non son de preguntar. Eu só conduzo e levo xente dun lado a outro. Non teño que preguntar nada. Se me contan, escoito. E moitas veces simplemente oio. Non me interesan os contos dos demais nin busco amigos no taxi. Ese non é o meu traballo. Por que lle ía preguntar? Simplemente, observei. Cun ollo na estrada, co outro no retrovisor. Ela seguía mirando pola fiestra, vendo como fuxían os edificios ao noso redor. Parecía que pensaba que estaba soa... Seguramente estaba soa.

–Pasaron dous anos... Por que tardaches tanto en contalo? Por que mo estás a contar? Sigo sen entender nada.

–Non hai nada que entender e nestes dous anos pasaron moitas cousas.

–Con ela?

–Con ela non, con outras.

–Que fillo de puta –dixo Marga outra vez naquela posición fetal que lle daba un pouco de quentura entre tanto xeo.

Dende que Marga sentara dese xeito, Uxío non lle podía ver a cara. Dáballe a impresión de que

estaba a falar para a nada. Seguía coa mesma copa de viño barato entre as mans. Abaneábaa dun lado ao outro mexendo o líquido entre o vidro. O vermello xiraba como nunha lavadora. Primeiro cara á dereita, despois cara á esquerda; pero sempre coa mesma cadencia.

–Polo camiño ao hotel non cruzamos nin unha palabra, tan só un par de miradas. Ela seguía chorando con esa indiferenza e eu fitábaa dende o retrovisor. Cando parei na porta do hotel, non reaccionou. Tiven que dicirlle canto era a carreira dúas veces para que volvese á realidade. Pagou e pedíume con voz férrea que a acompañase. A súa voz fora dura, moi áspera... Lembro que parecía soar como unha orde, pero en realidade era unha súplica co corazón na man. Díxome sen mirarme á cara... Dubidei por un intre... Non sabía o que quería e non sabía se entendera ben o que quería dicir. Non tiña moi claro que ese tipo de cousas lle puidesen pasar a un tipo coma min... Non sei, soa a película... Foi unha tentación... Ela, tan vulnerable... polo menos aparentemente, tan fráxil, tan doutro mundo... e eu un taxista con insomnio e con poucas ganas de nada. Era demasiado fermosa e única como para ser para min...

–Estasme a chegar á alma co que estás dicir –recriminou con sorna ferida Marga. Sen saber moi ben por que, padecía un fervor rexoubeiro entre as pernas. Sentíase estraña, como se estivese namorada da dor. Escoitaba aquilo que a derruíra por dentro cunha curiosidade enfermiza. A culpabilidade, a vergonza e a libido soterrábana nunha escuridade na que miles de mans amantes debullaban a súa feminidade. Con cada pausa que facía o seu marido, ese fogaxe que tiña metido no corpo ruxía con ansia. Non quería máis interrupcións, quería chegar xa ao final da historia. Pero non podía evitar soltar de cando en vez unha frase denegrida pola humillación.

–Xa sabes o que quero dicir, Marga. Estas cousas non pasan... e menos a xente coma nós. Sábelo ti e seino eu.

–Sobre todo ti –replicou sen ser quen de non interromper.

–Pois sobre todo eu, como queiras –Uxío fixo unha pausa para beber un novo grolo daquel viño barato que con cada cata sabía máis a podremia-. Dubidei, non sabía que facer... Pero ao final saín do coche e abrinlle a porta para que saíse. Nese momento decateime de que deixara de chorar, aínda que a indiferenza seguía alí. Fomos até a recepción e ela pediu un cuarto. Miráronnos... non sei, entre divertidos e severos... como se mira unha parella que está a facer o que non debe. Na miña cara debíase ver o nerviosismo de quen non sabe o que está a pasar ao seu redor e simplemente se deixa levar.

3.

–E simplemente iso, máis nada?

O relato que lle acaba de ofrecer Uxío resultara decepcionante. As cóxegas lascivas que sentira Marga con cada palabra do seu home marcharon de súpeto cando descubriu como remataba a historia. Nin un bico, nin un aloumiño, nada de carne que xustificase un pecado. Marga sentíase roubada, como se toda esa dor e esa baixa paixón que sufrira dende o comezo da cea fose un orgasmo finxido con moi pouca maña.

–Esa noite non pasou nada e pasou todo, Marga. Non nos tocamos, pero tampouco fixo falta. Ela non precisaba outra cousa máis ca compañía. Iso foi o que me dixo na porta do cuarto. Debeume ver nervioso, debeu ler na miña cara que me sentía coma se estivese a matar un neno. Os remorsos... naquel momento si que os tiña... e estaban á vista. Para calmarme ou para amargarme as expectativas, non o sei... Quizais un pouco das dúas cousas... Só me pediu que quedase con ela até que estivese durmida.

Non quería estar soa e supoño que eu quería estar con ela... Como che dixen, só quedamos abrazados, vestidos e sobre as sabas da cama.

–Como infidelidade inconfesable... Que queres que che diga? Resulta un pouco cutre. Como o resto sexan como esta... Volverás defraudarme unha vez máis, Uxío. Sempre fuches unha fraude. Marga non puido evitar unha gargallada.

Ergueuse da cadeira. Volveu mirar á cara ao seu marido e agora fitábao con pena e con rabia.

El tiña razón cando dixera aquilo de que ela precisaba saber. Todo aquilo de que non quería escoitar máis era mentira. Pero a verdade soubo a pouco e o gusto quedoulle seco.

–Non lle dás a importancia que deberías. Esa foi a primeira e, aínda que che pareza a máis parva, é a máis grave.

–Por que?

–Porque cando marchei pola porta dese cuarto e mirei para esa muller durmida descubrín que me dabas igual, que non te quería, que nunca te quixen e que seguramente non sabía que carallo era querer até que vin esa muller durmida, vestida, sobre unha cama e chea de indiferenza cara a todo. Aí foi cando o descubrín e cando me liberei de ti e de todo o que significas, Marga.

–E que significa? -berrou ela. Seguramente era a primeira vez que lle berrara ao seu marido.

–Nada.

A resposta de Uxío desarmouna por completo. Volveu sentar na cadeira. Agora tiña os brazos cruzados, xusto por debaixo dos seus peitos. Semellaba que era o único que aguantaba as súas armas de muller e o seu corazón. Se non estivesen eses brazos alí dando esperanza nun último momento, a súa alma fuxiría cara ao chan

nun acto suicida e inconsciente.

–Nada -repetiu Uxío para despois facer unha pausa de silencio eterno-. Nese intre comprendín que nunca chegamos a ser o que pensabamos que eramos... A paixón que sentín esa noite escoitando a respiración calma daquela muller sobre o meu peito foi moito máis forte que todo o que pasei contigo neste tempo. Esa paixón volvína sentir, non con ela e, dende logo, non contigo. Volvína ter grazas a outras que se converteron nestes últimos anos en moito algo moito máis importantes ca ti.

–Non vas calar nunca? -suplicou unha vez máis- Xa non quero escoitar máis nada, xa non me importa nada. Non quero saber máis.


Marga estaba a mentir. As cóxegas regresaron ao máis fondo da súa humidade, precisaba seguir escoitando, por algún instinto que non identificaba, cada unha das puñaladas que lle cravara o seu marido aproveitando a anestesia da ignorancia.

–E agora que? -preguntou desafiante Uxío. Sentíase gañador, sentíase como se dominase aquela muller derrotada pola verdade.


–Agora que? Eu vou durmir. Ti fai o que queiras, agás mirarme mentres durmo como fixeches con ela.

Marga ergueuse. As pernas tremíanlle por baixo da saia. A cada paso, víase no chan. Pero a incerteza e a curiosidade servíronlle de bastóns para camiñar até as sabas. Todos os seus recantos de muller suaban a mares. Mollada e húmida, Marga meteuse na cama e só puido pensar en alto antes de quedar totalmente durmida nunha frase: “Non vas calar nunca?”.





Elías Portela/Elías Knörr



Conversa de Elías Portela e Elías Knörr con Islandia e Galicia ao fondo


Elías Portela (Cangas, 1981) descubriu cando se estableceu en Reiquiavick un alterego mariñeiro islandés, Elías Knörr, que lle permite máis facilmente visitar as outras costas e ver o que lle queda nas redes despois da travesía. O resultado é unha poesía que se manifestatanto en inglés como en islandés, en inglés ou en éuscaro, lingua que tamén domina. De feito, non só é un poeta galego que hoxe presenta na Librería Couceiro de Compostela o seu máis recente poemario, *Cos peitos desenchufados*, senón que tamén foi elixido un dos tres vates máis importantes de Islandia pola prestixiosa revista *Poetry Review* do Reino Unido. Nos monográficos do verán de *Revista das Letras*, Portela/Knörr ofrece seis textos marcados pola súa aventura de “palabrario” –término que el emprega con profusión– e a súa particular concepción da linguaxe, esa “ilusión colectiva que lle dá á sociedade o poder da creación poética e, ao mesmo tempo, a fai tan feble porque a lingua non sobrevive sen nós”. Convencido de que a poesía é unha “función da linguaxe na cal está focalizado o código da mensaxe e a súa estética”, Elías Portela/Knörr desenvolve a súa obra como unha especie de misión: “Que a xente escriba, que non deixen morrer o idioma”. Esa misión é tamén a que –di– o engasta á Literatura galega.

O manuscrito ábrese indeciso


e os membros cápsicos do seu horto...
uns campanean e outros non

As badaladas máis enrubescidas
condimentan o meu ventre

Hai variantes que son unha orxía
e hai variantes que son unha depilación ortográfica



A última vez que estiveren cosendo marexadas
Lembreime do buraco que deixara o naufraxio
A espuma do champaña escondera
unha agresión deliciosa
unha percusión rosada
 ronselada
 saloucando entre virxindade e anémonas
Embriagados
desfixémo-las redes cunha marea de dentes

- 
- Ábresme? Aquí á esquerda teño o corazón, e á dereita está o balcón cos seus queixos acristalados.
 - Que fermosos! Acumulan prosperidade.
 - Si, estou moi contenta co meu organismo. E aquí está o pozo da comida.
 - Moi bonito e moi hixiénico.
 - Logo, aquí está a miña man e... a túa.
 - Que grande! Formamos un retrouso orgásmico.
 - Si.
 - Tes un organismo que acumula ritmos. Encántame. Tes que pagar un aluguer que modifique a menstruación?
 - 50.000 pedras educativas, cada vez que me abro.
 - Que estupendo! En Ámsterdam non podemos sacar hórreos do ventre.

Drama1

CÆSAR: Vingareime.

PHCENIX: Acaso esperas algún sacramento máis profundo?


CÆSAR: Eu, certamente, non. Se gozo facéndoche traga-las cinzas do cemiterio, gozo entón coa miña absoluta limpeza.

PHCENIX: Pois a que agardas? A min, o teu circo lexislativo non me pode humillar; igual que a ti os meus martirios non te poden alimentar. Sinceramente, como podería eu obter unha gloria máis perfumada que facendo latexar dentro de min as carnes da memoria? Todo o mundo afirmaría que lles abrín un altar no peito; aínda que esquecesen a súa propia pel, non negarían que lles bauticei a inocencia... Mais os tiranos coma ti nunca durmirán espidos.

CÆSAR: Non. Ti estás soa. Vives no ventre dunha mitoloxía, e axiña vai afogar a túa voz. Estás soa.

PHCENIX: Mais todos me ven, e aínda respiran porque eu respiro.

CÆSAR: Abandonareite lonxe do entendemento.



Iluminando os meus xenitais
non atopo a miña nación

E non atoparei un fillo
non darei a luz
introducíndome unha lanterna
pola alfándega

*Troupelean
os mecanismoslésbicos*

*Cantan
as centrais eléctricas
e as fábricas
Alzan os seus membros acoirazados
ó ceo*

*Nas searas
estombállanse os segadores
Ensoñacións produtivas
abrollan nas íngoas*

*No ventre
martelan os mineiros
relámbense os condutores*

Todo o sistema traballa doce e soviéticamente

*Enxeñeiros
e tamén pioneiros
hoxe loitan polo orgasmo libre*


29 XULLO DO 2010 - NÚMERO 830

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Andrea Nunes Brións



Todas as mulleres que fun

Andrea Nunes Brións

Andrea Nunes Brións (Marín, 1984) é unha das voces máis activas da poesía feminista en Galicia, movemento ao que achegou xa un libro, *Corrente do esquecemento*, publicado pola Federación Galega de Asociacións Lésbicas, Gais, Bisexuais e Transexuais. Na súa próxima entrega, *Todas as mulleres que fun*, que aparecerá en outubro como un libro obxecto para a editorial Corsarias, Andrea Nunes cambia o seu rexistro inicial e constrúe un mundo simbólico “multiforme”, unha “especie de matria creada, de mundo utópico, onde o feminismo e o lesbianismo están moi presentes”, asegura. O obxectivo último destes versos que hoxe publicamos nos monográficos de verán de ‘Revista das Letras’ é facer unha visibilización dentro do discurso dunha muller que ten, entre os seus próximos proxectos, realizar un documental sobre a represión lingüística en Galicia.

Pensar que estiven perdida tanto tempo,
espallándome vertixinosa polas rúas todas
con salas de espera interminables,
tatuándome nos xeonllos os bares por onde ti estabas,
afiliada a todo aquilo que rexía o teu dogma.

Leonciña, ti que tantas bandeiras reciclaches
que tanta esperanza puñas no país,
todos os días primavera.

Verte é pechar todos os cuartos das miñas mans,
tecer e pobreza.
Tragar saliva e rogarlle a un deus que non existe,
que te leve.

Retorcer as palabras e rillar entre os dentes
berros púrpuras.
Esconderte nas paredes e correr a borrarte
mentres cun xiz escribo
os nomes de todas as lavandeiras do Morrazo.

Logo tecerte, enferma de ti.
de tecerte, rabia... de tecerte, loita.
e cáenme as escamas do meu peito
polas veces en que escollín sentar na lareira dos teus ollos.
(agora vermellos, coléricos)

Todo É perverso.

Non mirarte é dicir: non hai néboa, é equilibrio
toda a vida levando unha nube gris na miña caluga
sen poder ler os finais dos contos.

Desposuírme de ti, do que conleva esa mirada,
xa non correr,
caer pedazos, pola rúa, de min,
e terme que consentir que os foras pisando.
Unha meixela vetusta, que renace preto do imposible,
pero Posible.

Tamén eu,
a tecedora,
a que saltou as casas todas e sentei neste verso.
A que falou alto e quedou pendurada dun ceo...
agora inmenso, temperado,
agora telúrico e rítmico,
a tecerme a punto de calceta

Tamén eu,
xa,
tecedora de min.

Esta nostalxia

de nome e apelidos
foise delineando en cada unha das paredes desta casa.

Camiñas cara á porta e non dis nada,
eu conteño a respiración e
dóeme a pel de tanto querer prolongarte...

pesa este amor viaxeiro que nos rexistra cada dous días a equipaxe.

Pesan os cadrís que esvaro do teu corpo,
os fillos que non temos preguntan por ti,
teño que nomear cada unha das túas vértebras,
cada un dos teus poros enraizados no mundo
para saber das túas viaxes cara ao meu acento choutador,
de como pronuncias *unha-xeonllo-fazula*
e colgado de ti un letreiro xigante escrito en inglés
que non entendo,
e eu veña a dicir que non importa,
que por unha vez máis abriremos a xanela,
e tentarei sorrir mentres dis “fazula”,
e eu sigo coas miñas meixelas vermellas...

Cómo explicarche que me doe a historia deste país,
explicarche como vai iso de non querer axeonllarme,
de non avergoñarse por dicir *aínda-libres*
e procuro apresurarme a borrar esas manchas negras de humidade,
para que non semelle que algo vai mal.

E sigo co meu acento cantareiro mentres ti entras pola porta,
e contas os desastres do mundo,
e como é de grande a selva amazónica.

Eu tento finxir que algo do que dis importa,
pero dóeme a pel de tanto querer prolongarte.

Números primos

Corenta e tres galegas berrando o teu nome,
duascentas vinte e sete dicindo verdades,
cincocentos mil novecentos vinte e tres mollándose dirección San Caetano,
novecentos noventa e sete construindo independencia
cincocentas setenta e unha peneirando sorrisos,
dúas mil trescentas corenta e sete pedindo coherencia
sete mil cento noventa e tres ben-falando
e dúas (por case tres) chorando.

Rogarás unha semellante a min.
Torceraste de pracer
no momento que intúas
que escorregarei mel polas túas vértebras...
(Antes o meu corpo de Ácidos fortísimos.)

Porque esta Matria constrúese logo de perder o medo,
logo de me confesar impune,
logo de te querer ate a saciedade e aínda.

Constrúese deconstruíndonos
e berrando que somos eucalipatas!

Fíxose da terra que nos dá de beber
e mailo mar que nos rouban.
(Nunca máis, mais unha vez)

Das árbores que medran no patio traseiro
e velaí esta mescolansa de pretéritos e
vontades, este ser incondicional ,
esta revolución sen “r”.

E tornarse Matria este fogar entre versos que posúe algo máis
ca sonoridade característica,
algo máis que o feito de ter lingua
(e utilízala)

Algo así como lamber a pel e sentir o sabor do Atlántico,
e deixar o sincrónico para despois da cea.
Isto é;
algo así como unha, que é mais veces outras que ela mesma.